



**Concello de
Cerdido**
As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 40 00



EXP.Tedec: 2023/G010/000011

ACTA Nº 2023/10

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

CASA DO CONCELLO, 31 de agosto de 2023

No día de hoxe, ás 20:35 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

Preside:Alberto Rey Paz

Asisten:Brais Prieto Verdial, Rocio Martinez Martinez, Maria Dolores Pita Anca, Julian Blanco Rodriguez, Maria Amalia Diaz Rodriguez, Dario Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñon e Diego Graña Pérez Ausencias:Ningunha

Secretaria – interventora:Paula Diaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta do pleno reunido o día 28/06/2023 .Os membros do Pleno asistentes, aprobaron por unanimidade a acta anterior.

2.-Aprobación da conta xeral do ano 2022.Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:

Unha vez confeccionada a conta xeral do exercicio económico de 2022, informada pola comisión de contas o día 30/05/2023 e exposta ao público durante quince días, iniciado pola publicación no Bop do día 09/06/2023 e tendo en conta o establecido nos artigos 208 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Alcaldía propón que a comisión especial de contas proceda a informar a seguinte proposta:

Primeiro.-Aprobar a conta xeral do exercicio de 2022 que reflexa a situación financeira, económica e patrimonial, así como os resultados económicos da execución e liquidación do presuposto municipal. Segundo :Remitir a documentación solicitada ao Tribunal de Contas, a través da plataforma rendición de contas .**Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a moción anterior**

3.- Aprobación dos festivos locais para o ano 2023 .Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte : Dada a posibilidade de establecer dous días de cada ano natural como festas locais,

segundo establece o artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores e dado o requirimento de información recibido por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade .Esta Alcaldía propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta: Primeiro - Establecer como festivos locais para o ano 2024, os seguintes días : 13/02/2024, martes de entroido e 24 de xuño de 2024.Segundo-Remitirlle copia deste acordo a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar Cerdido .**Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a moción anterior**

4.- Aprobación da modificación de crédito financiado co remanente de tesoureira . Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte :Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2022, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 109/2023 aprobado o día 05/05/2023, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de 454.641.82 € .Partindo das seguinte premisas aplicables a este Concello:

- suspensión das regras fiscais,
- inexistencia de débeda comercial e financeira a 31 de decembro

Considerando que a normativa de aplicación a ter en conta en canto ao destino dos gastos a financiar co remanente de tesourería para gastos xerais contense nas normas previstas nos artigos 172 a 182 do TRLRFL e a súa normativa de desenvolvemento nos arts. 34 a 51 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos. Visto que os gastos propostos para os cales se propón a modificación, que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e para os que non existe crédito no Orzamento (CE)ou suplementar créditos xa existentes (SC) son os que se sinalan deseguido:

Aplicación		Denominación	Importe	Tipo	Descrición
Presupostaria			(En €)		
011	310,0	Intereses operación tesoureira	6000,00€	CE	Intereses operación tesorería
1531	22199	Acesos a núcleos, subministracións	15000,00	SC	Suminitros varios obras
1531	61900	Acesos a núcleos, investimentos	10000,00	SC	Reparacións e melloras en camiños
1531	622,03	Outras construcións	3000,00	SC	Adquisición dunha marquesiña
160	63301	Infraestruturas . Saneamiento	4000,00	SC	Fosa campo de fútbol
161	22799	Abastecimento de augas .outros traballos realizados	10000,00	SC	Reparacións da rede de auga

161	623,01	Abastecemento de auga .Novo investimento	20000,00	SC	Rede de auga no Castro
161	625	Mobiliario .	2000,00	CE	Contedores
1621	21300	Recollida lixo, mantemento, reparacións	10.000,00	SC	Reparacións maquinaria
165	21300	Alumado publico, maquinaria	50000,00	SC	Mantemento alumeado público
165	623	Inversión nova	10000,00	CE	Alumeado
171	629,00	Outros investimentos parques e xardíns	8000,00	CE	Parques infantís e praza centro saúde
1720	213,00	Medio ambiente, maquinaria	15000,00	SC	Reparacións maquinaria
1720	22799	Traballos outras empresas	10000,00	SC	Desbroce camiños
231	13001	Horas extraordinaias	15000,00	CE	Horas extraordinarias sad
231	226,06	Cursos servizos sociais	5000,00	SC	Cursos e conferencias
231	22799	Traballos doutras empresas	70000,00	SC	Axuda a domicilio
231	624,00	Elemento transporte	13000,00	CE	Achega municipal subvención furgoneta
323	22100	Enerxía eléctrica	7000,00	SC	Colexio
323	226,06	Cursos educación	2000,00	SC	Cursos e conferencias
323	227.99	Traballos outras empezas	5000,00	SC	Actividades no colexio
326	48000	Transferencia a inst sin fin de lucro	800,00	SC	Subvención nominativa ANPA
334	22799	Traballos doutras empresas. Promoción cultural	5000,00	SC	Promoción actos culturais varios
342	212,00	Instalacións deportivas	10000,00	SC	Mantemento instalacións deportivas
342	633,00	Instalacións deportivas. Investimentos	6000,00	SC	Corta céspede e clorado

		maquinaria			
342	61900	Reforzo de alumado deportivo no campo fútbol de a barqueira	9242,16 €	SC	Achega municipal a subvención concedida por importe de 36.968,64 €
920	359	Outros gastos financeiros	4000,00	CE	Gastos financeiros aval
TOTAL			0		

Visto que o presente expediente de crédito extraordinario finánciase mediante o Remanente Líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da Liquidación do Orzamento de 2022 por importe total de 454.641,82 -Visto o informe de Intervención asinado o día 25/08/2023-

Sobre a base de todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación, en virtude do disposto nas Bases de Execución do Orzamento, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria, segundo o seguinte detalle:

MODIFICACIÓN NO ESTADO DE GASTOS

Aplicación Presupostaria		Denominación	Importe (En €)	Tipo	Descrición
011	310,0	Intereses operación tesoureira	6000,00€	CE	Intereses operación tesorería
1531	22199	Acesos a núcleos, subministracións	15000,00	SC	Suminitros varios obras
1531	61900	Acesos a núcleos, investimentos	10000,00	SC	Reparacións e melloras en camiños
1531	622,03	Outras construcións	3000,00	SC	Adquisición dunha marquesiña
160	63301	Infraestruturas . Saneamiento	4000,00	SC	Fosa campo de fútbol
161	22799	Abastecimento de augas .outros traballos realizados	10000,00	SC	Reparacións da rede de auga
161	623,01	Abastecimento de auga .Novo investimento	20000,00	SC	Rede de auga no Castro
161	625	Mobiliario .	2000,00	CE	Contedores
1621	21300	Recollida lixo,	10.000,00	SC	Reparacións maquinaria

		mantemento, reparacións			
165	21300	Alumado publico, maquinaria	50000,00	SC	Mantemento alumado público
165	623	Inversión nova	10000,00	CE	Alumado
171	629,00	Outros investimentos parques e xardíns	8000,00	CE	Parques infantís e praza centro saúde
1720	213,00	Medio ambiente, maquinaria	15000,00	SC	Reparacións maquinaria
1720	22799	Traballos outras empresas	10000,00	SC	Desbroce camiños
231	13001	Horas extraordinaias	15000,00	CE	Horas extraordinarias sad
231	226,06	Cursos servizos sociais	5000,00	SC	Cursos e conferencias
231	22799	Traballos doutras empresas	70000,00	SC	Axuda a domicilio
231	624,00	Elemento transporte	13000,00	CE	Achega municipal subvención furgoneta
323	22100	Enerxía eléctrica	7000,00	SC	Colexio
323	226,06	Cursos educación	2000,00	SC	Cursos e conferencias
323	227.99	Traballos outras empezas	5000,00	SC	Actividades no colexio
326	48000	Transferencia a inst sin fin de lucro	800,00	SC	Subvención nominativa ANPA
334	22799	Traballos doutras empresas. Promoción cultural	5000,00	SC	Promoción actos culturais varios
342	212,00	Instalacións deportivas	10000,00	SC	Mantemento instalacións deportivas
342	633,00	Instalacións deportivas. Investimentos maquinaria	6000,00	SC	Corta céspede e clorado
342	61900	Reforzo de alumado deportivo no campo fútbol de a barqueira	9242,16 €	SC	Achega municipal a subvención concedida por importe de 36.968,64 €
920	359	Outros gastos	4000,00	CE	Gastos financeiros aval

		financeiros			
TOTAL			0		

MODIFICACIÓN NO ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)
870.00	Remanente para financiamento de gastos xerais	325042,16

SEGUNDO. Que se expoña ao público polo prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobada a modificación, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. Asinado dixitalmente pola Alcaldía .**Os membros do pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a moción anterior .Cinco votos a favor dos concelleiros Maria Amalia Diaz Rodriguez, Dario Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñon, Diego Graña Pérez e o voto do Sr. Alcalde** e catro abstencións dos concelleiros Brais Prieto Verdial, Rocio Martinez Martinez, Maria Dolores Pita Anca e Julian Blanco Rodriguez.

O alcalde explica que a modificación pretende complementar partidas que estaban xa moi gastadas así como investimentos que se pretenden realizar ata fin de ano, repártense 325,000,00 euros e se deixas o redor de 125.000,00 por si hai algún imprevisto a final do ano .

O concelleiro Brais Prieto Verdial pregunta polo contido das seguintes partidas :

1531,221 por un importe de 15.000,00€ acceso a núcleos, o alcalde explica que é para ampliar gastos correntes non para nada concreto

1531,619,00 pregunta polos camiños que se van a reparar, o alcalde explica que esta pensado para as obras de canalización da auga para realizar sen ter que esperar a unha subvención

1621,2130 por un importe de 10.000,00 € reparación de maquinaria recollida de lixo, o alcalde explica que o tractor esta cada 15 días no taller e que o cambio de recollida de lixo ten unha averia na presión do aceite .

165, mantemento de alumeado publico, o alcalde explica que as facturas de Proymel son moi elevadas e que a partida esta case agotada .

Inversión nova de alumeado, o alcalde explica que é para tres puntos de luz solicitados que espera que se incorporen a subvención do IDAE

Traballos doutras empresas, desbroces, pregunta si a partida corresponde a subvención solicitada, o alcalde explica que o desbroce rematou esta semana, pero esta previsto continuala en pistas que quedaron sen desbrozar por un importe o redor de 5000,00 euros mais iva coa mesma empresa que é Ivan Tembrás, e empezaron para no ter que recoller os tractores .A subvención pasaba do contrato menor, posto que eran o redor de 26.000,00 € e realizouse un contrato menor por un importe de 17.000,00 € e o resto pode ser xustificado co gasóleo do tractor municipal e explica que foi moi difícil atopar empresas que quixeran facer estes traballos .

334,227,99 por un importe de 5000,00 a promoción cultural, o alcalde explica que é para cursos, charlas que se poden realizar

O concelleiro Julian Julian Blanco Rodriguez, pregunta pola partida 231,624 de 13,000,00 € para achega dunha subvención para unha furgoneta, o alcalde explica que a furgoneta adaptada ten un prezo de 52.000,00 e a subvención solicitada é de 40.000,00, a subvención non esta concedida, esta solicitada .

5.- Modificación as bases de execución do presuposto municipal para o ano 2023. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Posto que as asociacións municipais están a facer unha gran labor de promoción cultural e de promoción dun lecer responsable, e activo para os nenos, que este concello pretende fomentar, propónse ao pleno do Concello o aumento das cantidades asignadas como subvencións nominativas no orzamento municipal do ano 2023 da ANPA Os Carris, do CEIP A Barqueira para igualar a cantidade outorgado o ano 2022. Elaborada a memoria da Alcaldía así como emitido o informe de intervención asinado o día 23/08/2023 .Esta Alcaldía propón ao Pleno o seguinte acordo :

Primeiro: Modificar as bases de execución do presuposto municipal no seu artigo 25, modificando as cantidades asignadas as seguintes asociacións

APA os Carris do CEIP A Barqueira	1800 €
-----------------------------------	--------

Segundo : Unha vez aprobada inicialmente a modificación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña por quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. . A modificación considerárase aprobada, se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.. A modificación das bases de execución deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia para o seu xeral coñecemento.

Terceiro : Condicionar a validez deste acordo ata que entre en vigor a modificación presupuestaria financiada con remanentes de tesourerira que financia este gasto .**Os membros do pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a mocion anterior** .Cinco votos a favor dos concelleiros Maria Amalia Diaz Rodriguez, Dario Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñon, Diego Graña Pérez e ovoto do Sr. Alcalde e catro abstencions dos concelleiros Brais Prieto Verdial, Rocio Martinez Martinez, Maria Dolores Pita Anca e Julian Blanco Rodriguez.

O alcalde explica que se pretende volver a subvencion da anpa do ano anterior, incrementando en 800,00€, dado que este ano se baixou nesa cantidade .

O concelleiro Brais Prieto Verdial anuncia a abstencion e engade que subir a unha única asociacion a subvencion lle parece arbitrario, porque a ANPA e non as outras asociacions .

O alcalde explica que non lle parece lóxico que a ANPA lle baixaran a subvencion respecto o ano anterior e o qu se pretende é igualala o que se lle deu o ano anterior,

O concelleiro Jose Manuel Luaces Piñon engade que todo e falalo, e se algunha asociacion precisa algo, pode pedilo .

6.-Dar conta dos Decretos da Alcaldía . Deuse conta dos seguintes decretos que figuran na relación que se achega:

Núm.	Fecha Firma	Asunto
92	20-04-2023	Concurso contos 2023
93	21-04-2023	Aviso previo de celebración de eleccións a representantes dos traballadores
94	21-04-2023	Convenio de colaboración interadministrativa entre os concellos de Cerdido, Moeche, San Sadurniño e Valdoviño.
95	22-04-2023	Reintegro importe non xustificado TR351F 2018 / 6-1
96	25-04-2023	Convocatoria Pleno Ordinario 28.04.2023
97	26-04-2023	Corrección de erros no contrato de traballo de Vanesa Beceiro
98	27-04-2023	Aprobación de nóminas e quilometraxe de abril e seguridade social de marzo de 2023
99	27-04-2023	DE401C Construcción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal
100	27-04-2023	Convocatoria do pleno extraordinario sorteo mesas electorais . Eleccións locais 2023
101	27-04-2023	Delegación especial de competencia para celebrar matrimonio civil
102	28-04-2023	Aprobación facturas abril 2023 e outras
103	28-04-2023	Aprobación do proxecto modificado 2 proxecto de instalación de deshumectadora en piscina en área recreativa
104	02-05-2023	Contrato Menor para la elaboración das papeletas electorais
105	03-05-2023	Decreto de alta no Padrón Municipal de habitantes de Cerdido, en Piñeiro 9A.
106	03-05-2023	Decreto Servizo Axuda no Fogar para Edinson Luis
107	03-05-2023	Taxa pola prestación do SAF abril de 2023
108	03-05-2023	Alta no Padrón Municipal de Habitantes de Cerdido, en Gangoa número 7.
109	05-05-2023	Aprobacion da liquidación de Presupuesto de 2022
110	11-05-2023	Convenio XUNTA e FEGAMP para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática VELUTINA 2023
111	11-05-2023	Reserva da área recreativa O Castro a nome da Anpa Os Carrís para o día 17 de maio de 2023 de 15:00h a 20:00h
112	12-05-2023	Modificación presupuestaria Xeneración de crédito: PEL Deputación 2023 .25.000,00 €
113	12-05-2023	6 prazas de persoal laboral fixo de auxiliar de axuda no fogar estabilización do emprego temporal
114	15-05-2023	PEL-Concellos/2023 Convocatoria do programa PEL-Concellos año 2023
115	16-05-2023	Plan de seguridade do concello co adhesión a oficina provincial de

		seguridade . Posta en marcha do Esquema Nacional de Seguridade
116	18-05-2023	Aprobación pago minutas procedementos abreviados 0000368 /2021 e 0000367 /2021
117	19-05-2023	Licenza de edificación para Construcción de vivenda de planta baixa en Casavella, A Barqueira
118	19-05-2023	Contrato menor para a reparación do tractor municipal
119	19-05-2023	lista provisional de persoas admitidas praza animador sociocultural
120	19-05-2023	lista provisional de persoas admitidas praza conductor
121	23-05-2023	Aprobación Conta Xustificativa AGADER 2022-2023
122	23-05-2023	Solicitud de recoñecemento de trienios
123	23-05-2023	Autorizacion de uso da casa de cultura en horario de 18:30 a 21:00 horas.a nombre de Asoc de Productores de Madeira de Cerdido.
124	23-05-2023	Convocatoria Pleno extraordinario 26/05/2023
125	25-05-2023	Solicitud de axuda no fogar
126	25-05-2023	Xestión de Comisións Informativa de Contas
127	25-05-2023	Estudio e preparación dun recurso de alzada contra a resolución parque Badulaque.
128	26-05-2023	Tramitación do convenios para a solicitude da subvencion do programa de apoio ao centro de informacion á muller (CIM) Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira
129	26-05-2023	Teletraballo Paula Diaz Tie
130	29-05-2023	Aprobación de nóminas e quilometraxe de maio, produtividade de 2021 segundo sentenza xudicial e seguridade social de abril de 2023
131	31-05-2023	alta no padrón municipal de habitantes en Viladóniga, 7, Cerdido
132	02-06-2023	autorizacion de uso da casa de cultura en horario de 18:30 A 21:00 horas. a nombre de Asoc de Productores de Madeira de Cerdido
133	02-06-2023	Contratacion operacion de tesoreria
134	05-06-2023	Taxa saf maio 2023
135	05-06-2023	Tramitación do convenios para a solicitude da subvencion do programa de apoio ao centro de informacion á muller (CIM) Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira
136	06-06-2023	Modificación presupuestaria: Xeración de crédito. Subvencións para auditoría municipal da rede de saneamento. AU301D, Rede Cultural 2023, POS+Adicional 2/2022
137	06-06-2023	Certificado de persoa xuridica
138	06-06-2023	Pleno extraordinario aprobacion de actas
139	06-06-2023	A FUSQUENLLA
140	06-06-2023	A Fusquenlla aprobación dunha addenda o convenio de colaboración interadministrativa
141	07-06-2023	Solicitud de recoñecemento de trienio
142	07-06-2023	Alta no PMH en Castrillón 1

143	08-06-2023	Alta no PMH en Carballal 3
144	09-06-2023	Pleno constitucion da corporacion 2023
145	09-06-2023	Aprobación de facturas maio/ xuño 2023
146	09-06-2023	Contrato menor Auditoría municipal da rede de saneamento
147	13-06-2023	Solicitud de acceso a informacion e envio das actas de escrutinio das eleccions locais 2023
148	13-06-2023	Solicitud de copia dos permisos otorgados ao Rallye Naron no ano 2022
149	13-06-2023	Solicitud de axuda no fogar
150	13-06-2023	Solicitud de axuda no fogar
151	13-06-2023	Solicitud de axuda no fogar
152	13-06-2023	Solicitud de axuda no fogar
153	13-06-2023	Solicitud de axuda no fogar
154	13-06-2023	Solicitud da plataforma veciñal Cerdido Di Non a casa de cultura pa o venres 16 de junio de 2023 as 20:00 tamen precisamos un proxector agardamos contestación
155	14-06-2023	Extinción do contrato de traballo de Silvia Santalla Pérez por incapacidade permanente total
156	14-06-2023	Contratación da dirección de obra dos traballos de "Mellora e renovación do alumeadado público exterior do Concello de Cerdido"
157	15-06-2023	Contratación de dúas auxiliares para substitución durante os periodos de vacacións do saf.
158	15-06-2023	Contratación servizo de bus para asistir a partido fútbol
159	15-06-2023	Adquisición de roupa e EPIS para persoal contratado a través da subvención PEL da Deputación da Coruña 2023
160	21-06-2023	Asoc de Productores de Madeira de Cerdido. Solicita mesa, cadeiras e proxector para a casa da cultura
161	21-06-2023	Solicitud de permisos luminarias de San Xoán e San Pedro os días 23 e 28 de xuño de 2023
162	21-06-2023	Representacion teatral para executar os fondos do Pacto de Violencia de xenero da Administracion do Estado
163	21-06-2023	Decreto de nomeamento de tenientes de alcalde e concellerias
164	21-06-2023	alta no PMH en Río 3
165	22-06-2023	Certificado de representante para la alcaldia
166	22-06-2023	Concesión do servizo de axuda no fogar
167	23-06-2023	Pleno extraordinario de organizacion y sorteo mesas elecciones xerais 23
168	23-06-2023	Control Financiero, requerimento de documentacion por parte do Consello de Contas en relacion ao expediente de contratacion 2020/C002/000015
169	23-06-2023	Contratacion de 3 persoas dentro do programa PEL-CONCELLOS/2023 Convocatoria do programa PEL-CONCELLOS año 2023
170	27-06-2023	Autorizacion de pagos a xustificar
171	28-06-2023	Modificación presupuestaria xeración de crédito convenio incendios e

		socorrismo acuático
172	28-06-2023	Aprobación de nóminas do persoal laboral e funcionario xuño 2023
173	28-06-2023	Contrato Menor para o servizo de socorrismo acuatico
174	29-06-2023	Aprobación pago asistencias tribunais prazas de PEL Deputacion 23
175	30-06-2023	Aprobación nómina Alcalde xuño 2023
176	04-07-2023	Solicitud Xeral a nombre de UNIÓN DEPORTIVA CEBARCA. Solicita: A UD Cebarca solicita a cesión do local da área recreativa O Castro dende as 10:00 até as 22:00 do día 9 de xullo de 2023 para a celebración de reunións entre xogadores, corpo
177	04-07-2023	Alta no PMH no lugar de Vilela, 4
178	05-07-2023	Alta no PMH en Abruñeiros 7
179	06-07-2023	Aprobación pago horas de xuño de Convenio Valdoviño Auxiliar Administrativo
180	06-07-2023	Aprobación do pago da contía do Concello de Cerdido para o cofinanciamento do GDR 24 Asociación Seitura ano 2023
181	06-07-2023	Taxa SAF xuño 2023
182	06-07-2023	Solicitud Xeral a nombre de Unión Deportiva Cebarca. Solicita: Unión Deportiva Cebarca solicita o uso do pavillón municipal os venres do mes de xullo (os días 7, 14, 21 e 28) en horario de 19:30 a 21:30 para a pretempada do equipo.
183	10-07-2023	Decreto de nomeamento dunha funcionaria interina para o posto de administrativa -tesorera
184	10-07-2023	Contrato menor para adquisición maletín control cloro e ph para piscina
185	10-07-2023	Aprobación pago IRPF (mod. 111) e IVA (mod. 303) do 2º Trimestre de 2023
186	10-07-2023	6 prazas de persoal laboral fixo de auxiliar de axuda no fogar estabilización do emprego temporal
187	11-07-2023	Aprobación pago convenio Valdoviño Auxiliar Administrativo
188	12-07-2023	POS+ adicional 2/2023 Confirmacion financiación obra investimento sostible
189	13-07-2023	Solicitud a nombre de Asoc de Produtores de Madeira de Cerdido. uso dos dous locais do Castro e que esten dotados de mesas e cadeira para aproximadamente 150 persoas
190	13-07-2023	Aprobación de facturas xuño e xullo 2023
191	13-07-2023	Contrato Menor para realizar o servizo de desbroce de vías municipais ao abeiro o convenio de prevención de incendios da Xunta de Galicia
192	14-07-2023	Concesión do servizo de axuda no fogar a D. Benigno Orjales Piñón
193	14-07-2023	Aprobación certificación número 4 :IDAE: Renovación total das instalacións de alumeados exterior municipal de Cerdido Documentación presentada en el expediente 2023/G003/000132 -
194	14-07-2023	Aprobación pago taxa por actuacións en zona de policía Rego de Guitín
195	17-07-2023	Concesión do Servizo de Axuda no fogar a Dna Agustina Mª Carme

		Fernández Sueiras
196	17-07-2023	Decreto de contratación de persoal para sustitucion de vacacions do SAD
197	17-07-2023	pleno extraordinario
198	18-07-2023	Contrato Menor de asesoramiento, asistencia técnico-jurídica y dirección letrada del procedimiento de valoración de las Autorizaciones relativas al Proyecto «Parque Eólico Badulaque» solicitada por la empresa Enel Green Power España, S.L.
199	18-07-2023	Desconvocatoria de pleno
200	19-07-2023	Camiño de Sete a Casaldaia e outros (POS+2022)
201	19-07-2023	Organo de asistencia nos procedementos abreviado sumarios .
202	20-07-2023	Contratación de Obras: Camiño Piñeiro-Vila da Igrexa (Cerdido) (POS+AD2b-OBRASSUM/2022) (POS+AD2b-OBRASSUM / 2022) Plan de Obras e Servizos (Plan Adicional 2).
203	21-07-2023	Acordo de devolución da garantía a empresa "Excavaciones Saavedra y López, S.L.
204	24-07-2023	Decreto para solicitude de subvención furgoneta cod. proc. bs631g
205	24-07-2023	Composicion da mesa de contratacion. organo de contratacion alcaldia
206	27-07-2023	Aprobacion do expediente de contratación de Suministros de sinalizacion no nucleo de Vila da Igrexia e outros lugares. Financiado por POS +AD2a 2022
207	28-07-2023	Modificación presupuestaria Transferencia de creditos para gastos de personal
208	28-07-2023	Aprobacion de certificacion numero 5 . Renovación total das instalacións de alumeadado exterior municipal de Cerdido
209	28-07-2023	Elaboración de nóminas xullo 2023
210	02-08-2023	Reserva de instalacións
211	02-08-2023	Taxa pola prestación do Servizo de Axuda no fogar do mes de xullo 2023
212	03-08-2023	Solicitude de recoñecemento dun trienio
213	03-08-2023	Contratación a través da bolsa de Auxiliar Administrativo
214	08-08-2023	Reserva de instalacións
215	08-08-2023	Alta no padrón municipal de habitantes en Soosloureiros, 15, A Barqueira
216	11-08-2023	Alta no padrón municipal de habitantes en Porto, 12, A Barqueira
217	16-08-2023	Bolsa para a selección personal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar . Publicacion das bases no BOP 27/03/2018
218	17-08-2023	Alta no padrón municipal de habitantes en Felgosas, 47, A Barqueira
219	18-08-2023	Bolsa para a selección personal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar . Publicacion das bases no BOP 27/03/2018
220	21-08-2023	Alta no PMH en Espiño número 1
221	21-08-2023	Solicitude de axuda no fogar

A concelleira Rocio Martinez Martinez solicita aclaración dos seguintes decretos :

Número 183 sobre o funcionario interino, é a continuación da persoa que estaba o alguen novo . O alcalde explica que non é unha prorroga, que unha persoa nova

Numero 199 sobre a desconvocatoria do pleno que pasou dado que considera que o servizo solicitado de atención temperá esta moi ben, pero precisa dun seguimento de pediatria, e no concello de Cerdido estamos sen pediatria dende hai catro anos e espera que se lle trasladase o problema na visita realizada pola Delegada territorial da Xunta . O alcalde explica que a desconvocatpria do pleno debeuse a que o concello de Cariño non chegou a tempo para convocar o pleno e a subvencion precisaba un numero de habitantes concreto, polo que deberiamos solicitala conxuntamente, en canto a situacion do pediatria, a Xunta coñece de sobra o problema e intentaremos prsionar neste tema .

A concelleira Maria Dolores Pita Anca pregunta si hai algunha solucion para o tema do pediatria, o alcalde explica que a xunta xa coñece o problema e que intentará prsionar .

O concelleiro Brais Prieto Verdial, pregunta polo decreto 194 sobre a autorizacion no regato de Guitin, o alcalde explica que é unha autorizacion para Augas de Galicia na obra de camiño de Casavella a Espiño .

ROGOS E PREGUNTAS .

O concelleiro Brais Prieto Verdial fai as seguintes preguntas e rogos :

1.-Solicita informacion sobre as reunions do Xeoparque, o alcalde explica que tiveron unha primeira reunion, so de presentacion e que houbo unha segunda reunion, que non puido acudir por unha cita médica e que se quedou que tras o mes de agosto haberia outra no que o concello de Cerdido asume a vicepresidencia . En canto as xeorutas enviaron un correo electronio o dia 23 de xuño sobre a planificacion .

2.- Informa que as beiraruas estan descuidadas e na zona da panadeira de Vilela cara a Piñon faltan plaquetas .O alcalde explica que xa se limparon e que falta sulfatalas

3.-O dia 14 de xullo no facebook do concello anunciaronse unhas axudas para as renovables térmicas e se afirmaba que as administracions locais poderian acceder a elas, pedironse? . O alcalde explica que non se enterou da subvencion e que coincidiu co expediente do IDAE, e que

unicamente prestou atención a este tema que se debería presentar todo a fin de mes e houbo que perder prorrogas .

4.- Expon que no lugar de Lamigueiro esta descolgado un cable da luz .

A concelleira Rocio Martinez Martinez fai os seguintes rogos e preguntas :

1.- Na recta de Regueirolongo hai varias plaquetas soltas .

2.- No servizo de podoloxia e fisioterapia, que criterio seguiron para a contratación, existen varios presupostos, dado que se considera a mellor opción para poder elixir . O alcalde explica que cree que hai un so presuposto .

A concelleira Maria Dolores Pita Anca fai a seguinte pregunta :

1.- Na marcha ciclista que vai facer a ANPA xunto o Concello, pon que os socios deben pagar unha cuota de 3 euros, se a actividade a organiza o concello debería poder acceder a ella todos. O alcalde explica que o cartel debería poñer que o concello colabora pero non organiza, foi un erro no cartel pero non recibimos ningunha queixa por parte dos pais .

E , non habendo mais asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e vinte minutos do día trinta e un de agosto de 2023.Do que eu como secretaria dou fe :